

-

OS CONTOS DA MIÑA ESCOLA

CADERNOS DE LECTURA COMPRENSIVA

2.º ciclo – 2.º curso

LIMIAR

A partir dos 6 anos, os nenos e nenas están preparados para ler. A esa idade dispoñen xa dun amplo vocabulario que lles facilita o recoñecemento das palabras, controlan o movemento dos ollos e o seu nivel de pensamento permítelles establecer relacións entre letras, palabras etc.

A fase de iniciación á lectura ten como obxectivo principal a descodificación, e dicir, identificar letras, palabras e frases. Esta tarefa require tanto esforzo que o normal e que o neno apenas saiba o que le, por iso a lectura esixe atención e concentración.

A través do conto, o neno entra en contacto con personaxes que viven unha situación de conflito que se soluciona coa intervención adecuada; os elementos que compoñen un conto son rapidamente captados polo lector ou lectora.

As posibilidades que nos ofrecen os contos son innumerables xa que estimulan a creatividade e o enxeño.

Esperamos que este caderno sirva, ademais de entretemento, para favorecer a comprensión lectora de todo o noso alumnado.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

A ROUPA DA GALIÑA

Unha vez, hai moitos anos, un raposo moi moi novo, que marchara da casa de seus pais en procura de fortuna, ía camiñando polo bosque. O verán xa rematara e o outono principiaba.

O raposo tiña moita fame, pois xa había tempo que non se lle poñía diante ningún coello e o seu bandullo estaba tan baleiro que parecía que sempre ía cantando. E así, andando e andando e pensando sempre en comer, ía camiñando polo bosque mentres ollaba como as árbores ían perdendo as súas follas e as froitas non eran xa máis ca unha lembranza do pasado.

–Como me lembro dos meus pais e dos seus consellos –cavilaba o raposo–, cantos coellos comín mentres estiven con eles, daquela o bosque estaba cheo de coellos, pero agora, con tantas estradas e tanto bosque queimado, apenas hai xa caza para un mozo coma min.

Nestas estaba o raposo cando viu un castiñeiro.

–Uuuh!, ourizos de castañas, polo menos poderei encher o bandullo, así non terei que soportar este canto que me acompaña todo o camiño.

Pero o pobre do raposo non se decatou de que tiña que abrir os ourizos para sacar as castañas, así que, cando se decatou, xa tiña un ourizo cravado nos fociños.

–Aaaaai! –Berrou o pobre do raposo botándose a correr como se tivese lume no rabo e non parou ata que atopou un regato onde mollar o fociño e calmar a dor.

–Penso que vou morrer de fame, non teño coellos, nin ratos, nin outros animais pequenos, as árbores xa non dan froitos e os ourizos pícanme os fociños, xa non sei onde ir buscar de xantar.

Nesas cavilacións andaba cando, de súpeto, ao erguer a cabeza, viu unha casa cun fato de galiñas arredor.

O pobre do raposo quedou pampo, puxo os ollos coma pratos, non podía darlle creto ao que estaba a ver.

–Galiñas! Galiñas e máis galiñas!

O bandullo comezoulle a tremer, tiña a boca chea de cuspe, pero... que facer? Imposible pasar o regato e lanzarse sobre elas, el era demasiado novo. Se as galiñas berraban, sairían os cans e logo o home cun deses paus furados que botan lume. Non, non. Non había nada que facer.

Nestas estaba o pobre do raposo, cando unha das galiñas se despistou e baixou ao regato. O raposo quedou moi quedo, como se fose de pedra. A galiña bebeu no regato e logo, saltando de pedra en pedra, pasou á outra beira.

Que sorte! Nunca na súa vida o raposo tivera tanta sorte. A galiña na súa beira! Pouco a pouco, a galiña afastábase e achegábase ás árbores. Entón o raposo arrastrouse case pegado ao chan e devagar foise achegando a ela.

Mentres tanto, o bandullo volvíalle cantar e a boca volvía enchérselle de cuspe. Cando xa estaba case enriba dela, deu un brinco, como lles vira facer a seus pais, e... zas!, caeu sobre a pobre da galiña que se decatou tarde do que lle viña enriba.

O raposo a querela agarrar e a galiña a querer escapar... e os dous a berrar. O caso foi que as plumas do lombo da galiña quedaron na man do raposo, pero o corpo da galiña e o resto das plumas puideron saltar enriba dun castiñeiro e poñerse a salvo.

Uf!, a galiña xa respiraba, pero o raposo, terriblemente enfadado, púxose a dar brincos para poder subir á árbore e continuar a caza, pero era demasiado novo e foille imposible.

Non estaba disposto a perder tan succulento xantar, polo que decidiu usar métodos máis sutís. Mirou para as súas patas e, vendo que as tiña cheas de plumas, díxolle con voz forte:

-GALIÑAAAAA!

-GALIÑA, VEN POLA ROUPA!

Pero a galiña, que se vía a salvo do raposo, contestoulle:

-O corpo está aquí, Deus hame de dar outra.

Así que o pobre do raposo, moi tristeiro e co bandullo baleiro, tivo que dar a volta e contentarse con ulir as plumas da galiña.

1- Cando pensas que sucedeu esta historia? Marca cunha X.

**Hai pouco tempo
Hai moito tempo
Hai bastante tempo**

2 – Que quere dicir que o raposo era moi novo?

**Que tiña poucos anos
Que tiña moitos anos
Que acababa de nacer**

3 – Pensas que ao raposo lle gustaban os coellos? Escribe SI ou NON.

4 – Sabes que froitos dá un castiñeiro? Escribe e debúxao.

5 – Marca cunha X onde viven as galiñas.

**No monte
No bosque
Nun piso
Nun galiñeiro**

6 – Sabes o que é un regato? Marca:

**Un río moi fondo
Un mar
Un río con pouca auga e pouco fondo**

7 – Que pensas que é un pau furado que bota lume?

8 – Que é quedar como unha pedra? Marca cunha X.

**Poñerse a bailar
Poñerse a berrar
Quedar quedo e sen falar**

9 – Que quere dicir que “o bandullo cantaba”?

**Que tiña gañas de xogar
Que tiña fame
Que ía á escola
Que tiña gañas de cantar**

10 – Que é un succulento manxar?

**Algo moi rico
Algo que non me gusta
Algo que cheira mal**

11 – Debuxa a galiña e o raposo.

12 – Sabes o que é un “souto”?

13 – Como se chama a festa da castaña? Marca cunha X.

Nadal

Entroido

Fin de curso

Magosto

14 – En que mes se celebra o Magosto? Marca cunha X.

Xaneiro

Xuño

Xullo

Novembro

15 – Debuxa outro final para o conto.

O CORVO E A POMBIÑA

Nun país moi afastado habitaba unha familia de corvos: papá corvo, mamá corva e os seus filliños corviños.

A familia era moi feliz, todos os días papá corvo e mamá corva saían en procura de alimentos para os seus filliños e sempre conseguían moitos grans de millo; así, os seus filliños, os corviños, medraban grandes e fortes coma papá corvo.

Despois de xantar, a familia enteira saía pasear polos campos e prados para lles ensinar aos corviños os perigos que os axexaban, como os “espantallos”, pero, sobre todo, outro tipo de animais moi perigosos aos que non se debían de achegarcando andasen sós polos campos.

–O maior perigo –dicía papá corvo– é un animal grande que anda a dúas patas, chámase “home”, tedes que ter moito coidado con el.

–Entón –dixo o corviño máis pequeno–, os homes voan, papá?

–Non, filliño –contestoulle o seu pai–, non voan, pero tedes que ter moito coidado con el, sobre todo se vedes que leva un pau na man, ese pau pódevos facer moito mal.

–Pode tirarnos o pau e darnos con el na cachola?

–Non, corviño –dixo esta vez o papá–, non é o que pensas, os homes teñen paus furados que botan lume e fan moito mal, porque o que botan si que voa.

–Logo non podemos achegarnos ao home? –volveu falar o corviño.

–Non –repetiulle o papá–, nunca vos acheguedes ao home nin vos fiedes del.

E así, falando e falando, chegou a noite e volveron para o seu niño.

A familia era moi feliz, ata un día en que papá corvo e mamá corva saíron da casa para ir polos campos buscando grans de millo e se oíu de lonxe un gran ruído.

–Hai tormenta –dixeron os corviños que estaban no niño, pero o ceo estaba azul e non había nubes no horizonte, polo que o corviño máis pequeno empezou a pensar no que lle dixeran os seus pais sobre o home e os seus paus furados que botan lume.

Pouco tempo despois apareceu no ceo voando só papá corvo, mentres mamá corva quedaba tirada aos pés dun espantallo e o home do pau furado que botaba lume volvía para a súa casa.

Pasaron os días e pasaron as semanas. Papá corvo estaba cada día máis tristeiro, non saía do seu niño e os corviños non tiñan nada que comer.

–Temos fame papá –dixéronlle un día os corviños–, levamos xa tres días sen nada que xantar e temos moita fame; como somos pequenos non sabemos ir buscar grans de millo, se ti non vas, morreremos de fame.

Os corviños non paraban de chorar e así pasaron os días e as noites, as noites e os días, ata que un día papá corvo decidiu saír buscar comida para que os seus fillos non morresen de fame.

Papá corvo colleu un zurrón para meter os grans de millo e foise só e tristeiro polos campos en busca de alimentos.

E así, andado e andando polos campos, atopou unha fermosa pomba branca que estaba a recoller grans de millo e nada máis vela quedou namorado da súa fermosura.

–Pombiña, pombiña –dixo o corvo–, para que colles tantos grans de millo?

–Para min e para quen o precise –respondeu a pombiña.

–Pois penso que eu son o animal que máis o precisa –dixo con voz tristeira o corvo.

–Verás pombiña –continuou o corvo–, a miña muller morreu por culpa dun home cun pau furado que lle botou lume mentres collía grans de millo para alimentar os seus filliños á beira do espantallo, e agora non teño quen me axude a alimentar os meus corviños, quererías ti axudarme?

–Pois claro, señor corvo, entre os dous alimentaremos os teus filliños os corviños.

E así, todos felices e contentos voaron ata a casa do señor corvo cargados de comida. Cando chegaron, os corviños puxéronse moi ledos e fartáronse todos de comer, ata o máis pequeno colleu un empacho de tantos grans que comeu.

Un día e outro, a pombiña reventaba coa ledicia de lle poder facer ben a quen o precisaba, xa que o que máis lle gustaba neste mundo era axudar os demais.

A pombiña seguiu a levar comida, a limpar no niño dos corvos, traballando arreo, e aínda máis. Mentres traballaba ía cantando para compartir a súa ledicia cos demais.

Os animais que pasaban polo bosque e vían como traballaba a pombiña dicían:

–Que sorte ten señor corvo de que esa fermosa pombiña coide da súa familia.

E o corvo respondía:

–É o que lle gusta facer a ela, así que non debe ser tanto traballo.

Á pombiña, que estaba a escoitar, non lle gustou nada esta resposta, pero así e todo seguiu a traballar arreo para que a casa dos corviños estivese sempre limpa e non lles faltase sustento aos máis pequenos.

Comezaron a pasar os días e as noites, as noites e os días, ata que se decatou de que o señor corvo non facía nada, pero nada de nada, e nin sequera tiña unha palabra amable para ela.

Así que... un bo día pola mañá dixo:

–Señor corvo, eu vexo que ti non fas nada no niño mentres eu teño que facelo todo, o niño está limpo e ben limpo e os corviños teñen a despensa chea de gran, penso que xa chegou o momento de marchar para lles poder axudar a outros animais.

Ao señor corvo non lle gustou nada oír isto do pico da pomba e, poñendo os ollos vermellos e coa cara fera de voire, botouse enriba da pobre da pombiña e atouna por unha pata ao niño para que non puidese escapar.

–De aquí non te moverás nunca –díxolle con cara fera–. NUNCA! e has de traballar para min e para os meus fillos ou non era iso o que dicías que che gustaba facer, eh! –dixo o corvo berrando tan forte que en todo o bosque se fixo un silencio tan grande coma cando na selva aparece o león que vén de caza.

Presa para sempre, pensaba a pobre da pombiña, e todo por lle querer facer ben a quen mo pedía e non o merecía.

A pobre da pombiña botouse a chorar e chorar, pero as súas bágoas non foron capaces de abrandar o corazón do malvado corvo.

Entre todos os animais do bosque correu a triste noticia e moitos achegábanse para ver engaiolada a pobre pombiña.

–Pobre pombiña –dicían todos–, tan boa e tan fermosa, nunca lle fixo mal a ninguén e mira agora, por facer ben recibe mal.

Entre os animais que ollaban esta triste escena estaba o miñado que, co seu ollo de bo cazador, estaba voando sobre o niño dos corvos e decatándose de todo o que alí pasaba.

O miñado non era precisamente amigo de pombas nin de pombiñas, pero era un animal nobre e de bo corazón e a el, como paxaro libre que era, non lle gustaba ver a outro paxaro engaiolado e menos por culpa dun malvado que só quería aproveitarse dela, así que cavilando e cavilando tramou un plan.

Preto de onde vivían os corvos habitaba unha familia de ratos, polo que esa noite o miñado foi falar con eles.

–Señor rato –dixo o miñado–, veño facer un trato contigo.

O rato, ao oír o miñado que lle falaba, escapou correndo e pechou a porta da súa casa.

–Señor rato –volveu insistir o miñado–, veño en son de paz, quero facer un trato contigo e penso que che vai ser ben beneficioso.

O pobre do rato, morto de medo, saíu da súa casa e tremendo dixo:

–Que trato quere facer vostede que non sexa o de comerme a min e a toda a miña familia.

–Pois verás –dixo o miñado–, diso che vou falar; nunca máis vas ter medo de min nin ti nin a túa familia se me axudas nun plan que teño para ceibar a pobre da pombiña da súa gaiola. Supoño que xa saberás o mal que lle está a facer o corvo á pombiña, pois ben, eu non podo consentir que se lle devolva mal por ben, así que teño un plan para ceibala, pero claro necesito a túa axuda e a da túa familia. Se me axudades nesta empresa, eu prometo non molestarvos nunca máis e poderedes vivir tranquilos e non volver ter medo de min.

–Acepto –dixo o rato no momento.

O rato non só estaba a pensar nel e na súa familia, tamén estaba a pensar na pobre da pombiña, pois tanto a el coma a todos os animais do bosque lles daba moita mágoa. O rato prestoulle moita atención ao plan que lle contaba o miñado.

Ao día seguinte, pola mañá cedo, cando o sol comezaba a espertar despois dunha longa noite e a lúa se retiraba a descansar, o miñado, que ese día se erguera moi cedo, comezou a voar en círculo arredor do niño dos corvos dando uns terribles berros. O corvo, os corviños e a pomba espertaron asustados.

Cada vez o miñado berraba máis forte e voaba máis baixo e os corvos e a pomba cada vez estaban máis e máis asustados, de tal xeito que papá corvo dixo:

–Corviños, marchamos voando, ese miñado volveuse tolo e vainos tirar co niño, deixade a parva da pomba para que a coma o miñado e nos fuxamos en busca doutro niño.

E así o fixeron, saíron voando tan rápido como lles daban as dúas ás e deixaron só o niño e, dentro del, a pobre da pombiña tremendo de medo porque xa se vía morrer.

Tan pronto como o miñado viu que os corvos abandonaban o niño, empuxouno suavemente ata deixalo no chan; entón apareceu a familia de ratos que se puxo a roer na corda ata liberar a pobre da pombiña, mentres tanto o miñado estaba a carón dela sorrindo.

Cando a pombiña se viu ceibe non o podía crer.

–Graciñas señor miñado –dixo a pombiña con algo de medo.

–Xa es libre pombiña –dixo o miñado–, sempre lle fixeches ben a todos os animais que precisaban da túa axuda, as almas nobres coma a túa non poden estar engaioladas á forza, porque ti devolviches ben polo mal que che facían, así que a partir de agora só quero que voes libre, pombiña, imos xuntos gozar do noso bosque.

E así, entre os aplausos de todos os animais do bosque que se xuntaran para ver a liberación da pombiña, saíron voando a pombiña e o miñado xuntos e libres para sempre.

1 – Que comida collía papá corvo para os seus filliños? Marca cunha X.

Patacas fritidas

Pan de millo

Polo asado

Grans de millo

2 – Que facía a familia despois de xantar? Marca cunha X.

Ver a televisión

Xogaba ao parchís

Durmía a sesta

Paseaba polos campos

3 – Sabes o que é un espantallo? Debuxa un.

4 – Cal dicía papá corvo que era o principal inimigo dos corvos?

5 – Que lle pasou a mamá corva?

6 – Que era o que máis lle gustaba á pombiña?

7 – Que traballos facía a pombiña no niño dos corvos?

8 – Que fixo o corvo cando a pombiña quixo fuxir?

9 – Como era o miñado?

10 – Que trato fixo o miñado co rato?

11 – Por que o rato tiña medo do miñado?

12 – Como asustou o miñado aos corvos?

13 – Que fixo papá corvo e os corviños?

14 – Quen rompeu a corda da pombiña?

15 – Debuxa aos animais do conto.

16 – Inventa outro final para este conto.

O FACHENDOSO

Nunha pequena vila de Galicia, había uns homes que sempre presumían de ser os máis valentes de toda a bisbarra.

–Eu matei unha vez dous lobos dun só tiro –decía un.

–Pois eu matei catro osos cun pau –decía outro.

E así, todos contaban as súas historias tan disparatadas que ninguén era capaz de crelas, pero eles gozaban moitísimo cos seus contos que ninguén cría. E con estas pasaban as tardes enteiras falando e falando en vez de ir en procura dun xornal co que manter as súas familias.

Un día xuntouse a todo ese grupo un home descoñecido, pero que tamén sabía contar historias. Despois de oír as historias dos outros, e cando xa comezaba a caer a tarde dixo:

–Eu tamén sei unha historia.

Todos quedaron calados esperando oír unha historia nova, xa que estaban un pouco cansos de oír sempre as mesmas e unha boa historia nova daríalles para falar moitas tardes, deste xeito terían desculpa para seguir sen traballar.

O home descoñecido continuou falando:

–A historia que eu sei non é un conto coma os que vós contades, senón unha historia de verdade, e tamén é certo que algúns dos que estades aquí a falar e escoitar tamén a coñecedes, porque ademais o protagonista está entre vós.

O silencio fíxose máis grande e ata algún se puxo a tremer, entón o home descoñecido comezou a falar:

Hai algún tempo, nunha fría noite do mes de san Martiño, un home que rematara o seu traballo volvía para a súa casa. Como era sábado e o domingo non tiña que erguerse cedo para traballar, o home non tiña prása, polo que camiñaba ao xeito e cada vez que se atopaba con algún coñecido poñíanse a parolar.

–Que tal che vai a vida?

–Que me contas da túa familia?

–Como levas o traballo?

Total, que o tempo ía pasando e cada vez era máis noite e así, pouco a pouco, foi deixando atrás a vila e foise metendo nas estreitas corredoiras do monte, camiño da súa casa, por onde xa non se vía nada e a única luz que tiña era a do luar.

O frío dáballe na cara e o vento movía as árbores facendo deses asubíos que parecía que alguén ía cantando ou que alguén ía chorando, pero sempre á súa beira.

De repente, parou e cavilou:

–Empezo a sentir medo e se, de súpeto, aparece un lobo ou dous ou..., eles sempre andan en manda.

O home xa non sabía que facer.

–Se non parase a parolar con tanta xente, agora non sería tan de noite –o home seguía a cavilar.

A noite estaba moi fría, pero o home non o sentía porque sen que nada pasase xa estaba morto de medo. E iso que el só matara un lobo nunha fría noite de

inverno, claro que iso soamente estaba no seu maxín e agora, ao estar no medio do bosque de noite, sentía medo.

Andando e andando, cada vez máis de présa, chegou a un claro no bosque, alí sentiu o vento cada vez máis forte.

Parecían mil voces que o chamaban, parecían mil voces que cantaban, parecían mil... De súpeto, quedou prendido polas costas.

Que medo! O pobre do home xa non tiña nin fala, a lingua quedáralle trabada.

–Quedei mudo –cavilaba o home.

–Quedei inválido –seguía a cavilar. O home semellaba unha estatua, parecía que se convertera en pedra.

Cando foi pasando o tempo e se foi calmando, comezou a falar e a tentar convencer a forza que o prendía para que o soltase.

–Eu son home de paz, teño muller e catro fillos que manter, ademais son pobre e non levo cartos no peto, o xornal é pequeno e gástase pronto, así que, se non che importa, sóltame que vou para a casa e, se me atraso, a miña muller e os meus fillos vanse preocupar por min e van saír buscarme con todos os veciños da parroquia.

Pero aquela forza que o suxeitaba non o soltaba e el volveu a escoitar aquelas mil voces que o chamaban, aquelas mil voces que cantaban, aquelas mil voces que...

Nada, nada e nada; aquelas forzas que o suxeitaban non o soltaban, non había forma de convencelos. Mentres a noite se ía retirando e o día ía nacendo, xa non se sabía o tempo que levaba preso, pero iso xa non lle importaba, o que lle importaba ía pasar logo.

–Vanme roubar e vanme esfolar coma a un coello.

Aquel home que lles contara a todos que el só matara un lobo nunha fría noite de inverno –cousa que todos lle creron– estaba morto de medo.

–Que pensarán os meus compadres se me ven –pensou para si–, que vergoña! Cantos homes serán os que me teñen pillado? Serán tres, catro..., en todo caso deben de ser moitos porque fan moita forza.

Pouco a pouco, a noite foise retirando e o día comezou a clarear, xa se podía ver con certa claridade o lugar onde se atopaba: un claro do bosque rodeado de carballos e piñeiros. Xa non facía vento, o vento fora durmir e levará con el as mil voces, os mil cantares, os mil...

O home decidiu dar a volta para ver a cara dos homes que o tiñan prendido. Pasenñamente, comezou a xirar con moita calma, lento, moi lento, lentísimo, ata que por fin... HORROR!

Estaba prendido nunha silveira, así que, sacando a navalla que sempre levaba no seu peto por se se atopaba cun lobo, cun oso ou con algunha das feras do seu maxín, cortou a silva que o prendía e dixo con voz forte.

–SE FOSES UN HOME, FACÍACHE ASÍ! ZAS!

E cortando a póla da silveira, seguiu camiñando moi fachendoso.

1 – Que é unha historia disparatada? Marca cunha X.

Un conto

Unha historia verdadeira

Unha historia que ninguén cre

Unha poesía

2 – Que outro nome ten o mes de san Martiño?

3 – Sabes contar algo que se fai no mes de san Martiño.

4 – En que estación do ano está o mes de san Martiño?

5 – Escribe os días da semana que tes escola.

6 – Escribe os días da semana que non tes escola.

7 – Cal é a luz do luar?

8 – Conta unha situación na que sentiches medo.

9 – Marca cunha X. Ser home de paz quere dicir:

Que lle gusta meterse en leas

Que discute con todo o mundo

Que ten moito traballo

Que non lle gustan os problemas

10 – Como se chamaban as árbores que había no bosque?

11 – Que conclusión sacas do conto?

12 – Inventa outro final para o conto.

13 – Debuxa o conto.